



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 14 DE XANEIRO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catorce de xaneiro de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez e Don Javier Iglesias Sendín e Don José Ignacio Gómez Pérez.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.  
Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 7 de xaneiro do dous mil trece.

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

Non houbo.-

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Dirección Xeral DE Emerxencias e Interior, con data RE 11 de xaneiro de 2013, N° RE 125, relativa a distintivo de permanencia no servizo de policía local.
2. Comunicación do Ministerio de Interior, con data RE 11 de xaneiro de 2012, N° RE 123 relativo a vertedoiro incontrolado en San Cristobal.

**5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON  
MESAS E CADEIRAS.-**

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de Decembro 2013, por importe de 527 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

